

**Resolución do Tribunal de selección para a cobertura do posto de Dirección Económica, Administrativa e de RRHH da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA**

O Tribunal de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo (Director/directora económico/a, administrativo/a e de recursos humanos de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal,S.A.), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, e tendo en conta o establecido na base 8.2 (2ª fase):

ACORDOU:

Primeiro.- Publicar a relación definitiva coa puntuación obtida polos aspirantes admitidos na segunda fase do procedemento selectivo, contida no Anexo da presente resolución, na web de RETEGAL

Segundo.- Abrir o prazo de presentación de titulación de coñecemento de lingua galega: Os aspirantes estarán exentos da realización do exercicio de acreditación do coñecemento da lingua galega cando acrediten, no prazo de tres días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación na páxina web de RETEGAL da presente resolución mediante a que se aproba a lista coas puntuacións definitivas da 2ª fase, que posúen o día da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) o Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

A citada acreditación presentarase no Rexistro de Retegal (Complexo de San Marcos (Edificio Multiusos), Bando – San Marcos. 15820 - Santiago de Compostela)

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

A presidenta do Tribunal

Natalia Blanco Fernández



## **ANEXO I**

### **PUNTUACIÓN DEFINITIVA DA 2<sup>a</sup> FASE**

**Aspirante :** Álvaro Luis Rodríguez Losada, DNI \*\*\*\*\*068\*

<b>Ítem a valorar</b>	<b>Comentarios</b>	<b>Puntuación</b>
Memoria	Valoración de adecuación dos procesos propuestos, viabilidade de execución da planificación e propostas de optimización	32,2
Entrevista (máximo 8)	Adecuación do perfil profesional ao posto de traballo que se oferta e habilidades de comunicación, dirección, coordinación, negociación	6,4
<b>TOTAL (máximo 50)</b>		38,6

**Aspirante :** Jaime Rodríguez Fernández, DNI \*\*\*\*\*919\*

<b>Ítem a valorar</b>	<b>Comentarios</b>	<b>Puntuación</b>
Memoria	Valoración de adecuación dos procesos propuestos, viabilidade de execución da planificación e propostas de optimización	11,2
Entrevista (máximo 8)	Adecuación do perfil profesional ao posto de traballo que se oferta e habilidades de comunicación, dirección, coordinación, negociación	4,8
<b>TOTAL (máximo 50)</b>		16

